



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: O Sector vinícola. Normativa reguladora. Procesos industriais e comercialización

CONVOCATORIA: Administración autonómica, primeiro semestre

GRUPO: Consellería de Medio Rural

ÁREA: Consellería de Medio Rural

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	F. FINALISTAS	HORAS:	25
ADMINISTRACIÓN:	AUTONÓMICA	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2018
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	ESPECÍFICO	EDICIÓNS:	1
DATA MATRÍCULA: Do 15/02/2018 - 08:00h ao 26/02/2018 - 23:55h					

2. DESCRICIÓNS

DESCRINCIÓN CURSO

O sector vitivinícola é dunha grande importancia dentro do complexo agroalimentario galego, non só polo que representa no plano económico -cunha achega relevante ao valor da produción final agraria- senón tamén dende o punto de vista social, dado o elevado número de persoas que, a tempo completo ou con dedicación parcial, se dedican a esta actividade. Ademais de supor unha actividade clave para amplas comarcas do país, ten tamén un importante valor ambiental polo que se refire á conservación de espazos rurais de gran valor paisaxístico. Pola súa parte, o sector das bebidas espirituosas está en Galicia moi vinculado ao vitivinícola.

A normativa que afecta á produción vitícola e a relacionada coa elaboración e comercialización do viño e as bebidas espirituosas, en particular a que ten que ver coa súa etiquetaxe, é certamente complexa e cambiante, polo que é preciso que o persoal da administración que realiza tarefas relacionadas con estes sectores recicle periódicamente a súa formación neste campo.

DESTINATARIOS

Persoal ao servizo da administración xeral da comunidade autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da administración institucional.

PROGRAMA

Unidade 1. Situación actual, problemas e futuro do sector vitivinícola
A normativa da produción vitícola e do sector industrial vitivinícola.
Técnicas de cultivo. Pragas e enfermidades da viña. O valor ambiental.

Unidade 2. Industrias vitivinícolas. Procesos produtivos. Técnicas de adega.
Industrias vitivinícolas. Instalacións e equipos
Visita a explotacións vitivinícolas

Unidade 3. Comercialización. Normativa aplicable
Material vexetal e viños galegos.
As denominacións de orixe no sector vitivinícola galego. Mesa redonda.

Unidade 4. Caracterización organoléptica. Parámetros de calidade.
Análise sensorial
Conclusións. Proba de avaliación

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Será preferente a asistencia dos funcionarios de carreira e funcionarios interinos da Subdirección Xeral de Industrias e Calidade Agroalimentaria e dos servizos de Industrias e Calidade Agroalimentaria das xefaturas territoriais e do persoal laboral do Departamento de Protección da Calidade Diferenciada do Ingacal. De quedar prazas vacantes, tería preferencia o resto de persoal da Consellería do Medio Rural con posto de traballo relacionado coas materias do curso. Criterios xerais da EGAP, segundo a Resolución do 4 de xaneiro de 2008 (DOG do 10 de xaneiro de 2008).

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: SANTIAGO DE COMPOSTELA

INICIO / FIN: 14/05/2018 a 24/05/2018

NUM. PRAZAS: 35

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME: 24/05/2018 ás 13:00h

DOCENTES NOMEADOS

Vicente Sotés Ruiz

Jose Pedro Mansilla Vazquez

Susana Pérez López

Elva González Vidal

Mar Vilanova de la Torre

Sandra M^a Cortés Diéguez

José Paz Paz

JUAN CARLOS ALONSO BOUZA

MIGUEL ANGEL TUBÍO FERNÁNDEZ

MANUEL ROJO LÓPEZ

RICARDO RIVAS BARROS

LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

AULA 5: O día 14 de maio de 09:00 a 14:00. O día 14 de maio de 16:00 a 18:00. O día 23 de maio de 09:00 a 14:00.

EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

Día 15 de maio, martes: na zona de produción vitícola DO Ribeira Sacra de 9 a 14h e de 16 a 19 h.

Día 24 de maio, xoves: na zona de produción vitícola DO Rias Baixas de 9 a 14 h